

BASES CURSOS LINGUAXE DE SIGNOS

Co obxecto de que a xuventude deste concello participe no curso de “Iniciación ó Linguaxe de signos 2011” proposto pola Concellería de Xuventude, establécense as seguintes bases:

- O curso terá unha duración de 150h. Impartirase todos os luns, martes e xoves de 18.00h a 21.00h, excepto festivos, dende o 4 de abril ao 28 de xullo. O horario será de 18.00h a 21.00h.
- O número de prazas é de 15 persoas.
- O curso está destinado a mozos e mozas con idades comprendidas entre os 14 e os 35 anos.
- O prazo de inscricións será dende o momento do seu anuncio ata o 31 de marzo de 2011 ás 19:00h.
- É obrigatorio estar censado/a ou no seu defecto estudar ou traballar en Lugo, sendo necesario neste caso presentar documento que o acredite.
- Para a matrícula é necesario presentar a seguinte documentación:
 - Fotocopia DNI
 - No caso de ser menor de idade deben presentar unha autorización, que lle facilitaremos na Concellería de Xuventude, do titor/a legal e a fotocopia do DNI do mesmo.
 - No caso de non estar censado/a en Lugo é necesario presentar a matrícula do centro de ensinanza ou documento que acredite estar traballando dentro do Concello de Lugo.
- Non se recollerá ningunha inscrición se non se presenta toda a documentación citada anteriormente.
- A matrícula será de 30€ que se ingresarán na conta do Concello número 2091 0152 26 3110001309, indicando nome, apelidos, DNI e nome do curso. O xustificante de pago deberá entregarse nas dependencias da Concellería de Xuventude.

Concellería de Xuventude

SRC

Asunto: Bases curso de linguaxe de signos 2011

- Se o número de solicitantes é maior que o número de prazas realizaranse dous sorteos abertos ao público que terán lugar no Centro Social Uxío Novoneyra o día 1 de abril ás 10:00 horas
- Para conseguir o diploma do curso é necesario non ter máis de 6 faltas. No caso de que unha persoa falte un dos primeiros días daráselle de baixa e entrará outra persoa da lista de reserva.
- A inscrición e participación neste curso implica a aceptación íntegra destas bases.
- A organización poderá introducir, se o cree necesario, as modificacións que estime convintes para o mellor funcionamento dos cursos.
- Para máis información en relación coa actividade, os interesados poden chamar ao teléfono 982 297 496 o dirixirse á Oficina de Información Xuvenil en horario de mañás de 10:00 a 14:00 horas, e de tardes de 16:30 a 19:00 horas de luns a venres.

Lugo, 9 de marzo de 2011

A Concelleira de Xuventude

Asdo: Rosana Rielo Rozas

Asdo: Shirley Rodríguez Carballo